



NOTA INFORMATIVA: ÁBRESE O PRAZO DE MATRÍCULA PARA OS PROCEDEMENTOS SELECTIVOS CONVOCADOS POLA ORDE DO 24 DE FEBREIRO DE 2020

No Diario Oficial de Galicia do día 13 de marzo de 2020 publicouse a ORDE do 24 de febreiro de 2020 pola que se convocan procedementos selectivos de acceso ao corpo de inspectores de educación, ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas e ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño e de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de profesores de música e artes escénicas, ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño, ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento ED001A).

A disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, suspendeu e interrompeu os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público, establecendo que o cómputo dos prazos reanudarase no momento en que perda vixencia o citado Real Decreto ou as prórrogas deste. Neste sentido o Real decreto 537/2020, do 22 de maio, establece que con efectos desde o 1 de xuño de 2020, derrógase a disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, relativa á suspensión de prazos administrativos.

Deste xeito o prazo para a presentación de solicitudes para participar no procedemento selectivo convocado pola Orde do 24 de febreiro de 2020, **iníciase o 1 de xuño de 2020 e remata o día 19 de xuño de 2020, ambos incluídos.**

Lémbrese que as solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado accesible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Para a presentación das solicitudes poderá empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>), polo que debe comprobar que ten algún deses mecanismos activos, caso contrario é aconsellable que proceda a solicitálo coa maior brevidade posible.